

No anexo das normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, aprobadas por acordo do Consello de Goberno do 20 de xuño de 2005 e publicadas por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005, establecéronse os estudos de idiomas que se poden recoñecer como créditos de libre elección (cursos do Centro de Linguas Modernas da USC, estudos superados na Alianza Francesa e nas escolas oficiais de idiomas). Posteriormente, o Consello de Goberno, na súa sesión do 4 de xullo de 2008, acordou aprobar o recoñecemento de créditos ao abeiro do disposto no artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, e das liñas xerais da USC para a elaboración das novas titulacións, relacionándose no anexo II deste acordo os cursos e certificacións por cada idioma, e os niveis consonte ao establecido no Marco Común Europeo de Referencia para o ensino, aprendizaxe e avaliación das linguas.

Neste acordo, inclúense, ademais dos que xa están recoñecidos como créditos de libre configuración, outros cursos e diplomas, polo que tamén procede ampliar o recoñecemento deses estudos de idiomas como créditos de libre configuración para as titulacións con plans de estudos aprobados con subxección ás directrices xerais establecidas no Real Decreto 1497/1987.

Polo anteriormente exposto, esta Reitoría **RESOLVE**:

PRIMEIRO.- Ampliar o anexo das normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, dos niveis B1, B2 ou superior, que se acreditarán coas certificacións e diplomas que se indican a continuación.

a) Recoñeceranse **3 créditos** de libre elección polos seguintes estudos de idiomas, correspondentes ao **nivel B1**:

Inglés

Diploma PET (Preliminary English Test)
TOEFL PBT: 457 puntos ou superior
TOEFL CBT: 137 puntos ou superior
IBT TOEFL: 57 puntos ou superior
TOEIC: 550 puntos ou superior

Alemán

Diploma ZD (Zertifikat Deutsch)

Italiano

Diploma CELI 2 (Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 2)
Diploma CILS 1

Portugués

DEPLE (Diploma Elemental de Portugués Lingua Estrangeira)

b) Recoñeceranse **5 créditos** de libre elección polos seguintes estudos de idiomas, correspondentes ao **nivel B2 ou superior**:

Inglés

Diploma FCE (First Certificate in English)
Diploma CAE (Certificate in Advanced English)
Diploma CEP (Certificate of English Proficiency)
TOEFL PBT: 502 puntos ou superior
TOEFL CBT: 178 puntos ou superior
IBT TOEFL: 87 puntos ou superior
TOEIC: 750 puntos ou superior

Alemán

Diploma Goethe-Zertifikat B2
Diploma Goethe-Zertifikat C1 (=antigo ZMP/Zentrale Mittelstufenprüfung)
Diploma ZOP (Zentrale Oberstufenprüfung)
Diploma KDS (Kleines Deutsches Sprachdiplom)

Italiano

Diploma CELI 3 (Certificato di Conoscenza della Lingua Italiana Livello 3) e superiores
Diploma CILS 2 e superiores

Portugués

DIPLE (Diploma Intermédio de Português Lingua Estrangeira)
DAPLE (Diploma Avançado de Português Lingua Estrangeira)
DUPLE (Diploma Universitário de Português Lingua Estrangeira)

SEGUNDO.- Non se poderá recoñecer máis dun curso ou diploma de estudos do mesmo nivel por idioma.

O recoñecemento destes cursos de idiomas é incompatible co recoñecemento doutros estudos do mesmo idioma recoñecidos como créditos de libre configuración, agás que se acredite que se corresponden a niveis distintos, sendo de aplicación os límites establecidos nos apartados 11 e 12 das normas sobre recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración.

Para o recoñecemento, o alumno deberá presentar o documento acreditativo e aboar os prezos públicos por este concepto. Este recoñecemento producirá efecto no expediente na data en que se acredite o pagamento ou, no caso de acreditar algunha causa exención, na data en que o alumno solicite o seu recoñecemento, xunto co documento acreditativo.



Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2009

O REITOR,

Senén Barro Ameneiro

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR - SR. VICEXERENTE DA ÁREA ACADÉMICA - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES/AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓNS E MELLORA DO PROCEDIMENTO - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS